

### Clase 3 CIC

Abstracción- realidade. Verdade.

Platón dicía “coidado coas abstraccións, non confundilas coa realidade”

Esteva di, sen embargo, que hai “abstraccións encarnadas”, sobre todo no que atingue a prácticas comunitarias, no común.

A abstracción é o sostén da realidade. Coñecemos (distinguimos, separamos, focamos) xa que Sabemos (seleccionamos, clasificamos) e Facemos (xestionamos a acción en base a experiencia e os criterios nos que cremos).

Abstracción non é unha palabra obstáculo (non debe selo) é uha palabra acción.

Palabra é símbolo dunha realidade consensuada coa que temos a oportunidade de comunicarmos, e tamén de equivocarmos.

**POR TANTO ENCARNEMOS AS ABSTRACCIÓNS  
CONSENSUANDO, REVALORIZANDO E ASOCIANDO  
OS CONCEPTOS PARA ENTENDÉRMONOS NA  
REALIDADE, PARA FACER O CAMBIO, PARA  
TRANSFORMAR, PARA PROVOCAR E CONVOCAR A  
VERDADE (non era esta a principal expectativa do  
xornalismo, xunto á obxectividade?).**

Na conversa entre Chomsky e Foucault, Michel Foucault dicía: Noam, todo o que dis está moi ben, son preocupacións honradas (Chomsky falaba das vellas tradicións, da impronta do pasado), pero xa non sirven de nada na hora actual, co que está a ocorrer. Temos que descubrir cales son os novos conceptos, as novas palabras. As palabras son portas e fiestras da percepción. As palabras son os símbolos da realidade. Pero, estou dacordo, as palabras nos foron dadas, para construír entre

nós, para construír o Nós. Utilizamos as palabras para facer ver como vemos o mundo. Esta é a importancia das palabras. Toda rebeldía debe pasar pola linguaxe. De que xeito están controladas as palabras na nosa linguaxe, coa que provocamos, propomos, supervivimos ou conmovemos cada día?

Hai algúns que din modifiquemos as ideoloxías, sen mudar as institucións. Outros, tiremos coas institucións, sen mudar as ideoloxías. Foucault dicía: hai que mudar a forma de producir a verdade. Mudar a produción sen tirar nin as institucións, nin as ideoloxías, que verdadeiramente sexan necesarias, útiles para a convivencia.

Para Foucault a Verdade é a fórmula coa que nos gobernamos a nós mesmos, e aos demais. A principal revolución da época actual é a produción contra da institucionalización da Verdade. Hai que desafiar o dominio da Verdade, de certas e determinadas Verdades impostas.

O que caracteriza a esta época é a insurrección dos saberes e coñecementos dantes sometidos (Foucault falaba nos 80, pero pode estenderse até agora esta aseveración).

Como xerar unha nova verdade? Trátase de develar, quitar o velo, desde a xente, buscando a autonomía, non afianzándose no Poder, senon desde abaixo. (Poder hexemónico, queremos dicir- ver Gramsci-)

Por Autonomía entendase o poder (capacidade de facer algo) decidir por un mesmo. Non entendamos a Autonomía coma unha forma individualista (que non individual), coma unha sacra vontade e un interese propio e inmune, impune. Situémola entre a Ontonomía e a Heteronomía. Ontonomía é aprender as regras de comportamento desde o ser/estar cultural. Heteronomía pode ser o xeito de xestionarse entre o diverso, atendendo ó respecto e ó consenso na convivencia, nas tomas de decisión.